

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 31 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso específico de méritos para a provisión da praza vacante de xefe/a de servizo da Área de Clínica Médico-Forense da Subdirección Territorial de Santiago de Compostela no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), convocado pola Resolución do 4 de xullo de 2023.

Visto o que dispoñen as bases da Resolución do 4 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a concurso específico de méritos a praza vacante de xefe/a de servizo da Área de Clínica Médico-Forense da Subdirección Territorial de Santiago de Compostela no Instituto de Medicina Legal de Galicia (DOG do 17 de xullo), así como o artigo 49 e seguintes do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, no uso das competencias que me atribúe a normativa vixente,

RESOLVO:**Primeiro**

Resolver o concurso específico para a provisión da praza vacante de xefe/a de servizo da Área de Clínica Médico-Forense da Subdirección Territorial de Santiago de Compostela, indicada no anexo, e indicar deserto o dito posto.

Segundo

Publicar esta resolución no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro

Esta resolución pon fin á vía administrativa e poderá ser impugnada potestativamente en reposición, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou poderá ser impugnada directamente, ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, todo isto de conformidade co disposto



no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2023

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

ANEXO

Posto adxudicado	Adxudicatario/a
Denominación: xefe/a de servizo da Área de Clínica Médico-Forense. Código do posto: XG9251820015770310.03. Centro de destino: Instituto de Medicina Legal de Galicia. Subdirección Territorial de Santiago de Compostela. Localidade: Santiago de Compostela.	Deserto

